

## ANUNCIO

**Contratación de 1 Monitor/a Manualidades en réxime de persoal laboral fixo indefinido, proceso estabilización Lei 20/2021 (2022/E001/000032)**

O día 06/03/2025, mediante a Resolución da Alcaldía, núm. 285/2025, resolvese:

## PRIMEIRO

Aprobar a proposta de contratación para a cobertura en propiedade de 1 praza convocada de monitor-a manualidades (C19), correspondente á OEP extraordinaria do 2022, do Concello de Rianxo, elevada a esta Alcaldía polo Tribunal cualificador a través do anuncio de data 04/12/2024, do seguinte teor literal:

*"...Declarar que ten superado o proceso selectivo o aspirante que a continuación se relaciona, e propoñer á Alcaldía para que sexa seleccionado para a cobertura en propiedade 1 praza de monitor de manualidades (C19)), e adquira a condición de persoal laboral fixo ao servizo do Concello, por ter acadado a maior puntuación:*

<b>Apelidos e nome</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
<b>***0502** Castro Vázquez, Sofía</b>	<b>100,00</b>

..."

## SEGUNDO

Propoñer, con arranxo á orde de prelación resultante da puntuación acadada no proceso selectivo, a selección e declaración como persoal laboral fixo da persoa que ocupa o 1º posto da relación/listaxe complementaria de aspirantes conformada para o efecto polo tribunal que, neste caso, é LUCÍA CORNADO RODRÍGUEZ.

A candidata proposta, tal e como establece a Base Décimo Segunda das Bases, deberá achegar, no prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación desta Resolución, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para cubrir a praza convocada e que son os que figuran no Anexo I das Bases Específicas que rexen o proceso. A falta de presentación en prazo da documentación esixida será equivalente á renuncia e desistencia dos dereitos inherentes.

## TERCEIRO

Publicar esta Resolución no BOP e DOG, así como no taboleiro de anuncios (físico e electrónico),e

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

páxina web municipal, sen prexuízo da súa notificación individualizada ás persoas interesadas, indicándolle que a formalización do contrato laboral e a incorporación, deberán producirse, en todo caso, no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación da resolución no BOP.

Contra dita resolución poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou ben, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o seguinte ao da súa publicación, ante os Xulgados do Contencioso-administrativo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro e na Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, significándolle que no caso de interpoñer recurso de reposición, non poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

O presente anuncio sorte os efectos da notificación, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

Rianxo, luns 17 de marzo de 2025.

O alcalde, Julian Bustelo Abuin